

PREGUNTAS FRECUENTES PE610A

Se teño dúbidas, a donde podo dirixirme?

Se tras ler a orde de axudas precisa algunha aclaración da mesma, pode consultar este documento de preguntas frecuentes. Se a súa dúbida non se atopa neste documento, pode enviar un correo electrónico a: **ensino.mar@xunta.gal**

Recomendamos que non deixen as consultas para os últimos días, pois a resposta pode demorarse.

Onde poido descargar os modelos e anexos ás que fai referencia a orde?

Os modelos e anexos podense descargar no seguinte enlace:
(<https://mar.xunta.gal/gl/formacion/formacion-portos/orde-cursos-de-formacion-PE-610A-convocatoria-2024-2025>).

Como presentar a solicitude?

As solicitudes deben presentarse a través da sede electrónica da Xunta: (https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?langId=es_ES&langId=es_ES&codtram=PE610A) dentro do prazo establecido e presentando os modelos oficiais postos á súa disposición na web (<https://mar.xunta.gal/gl/formacion/formacion-portos/orde-cursos-de-formacion-PE-610A-convocatoria-2024-2025>).

Data límite para a presentación de solicitudes: 12 de setembro de 2024.

Que documentos teño que presentar coa solicitude?

- ◆ As persoas interesadas deberán achegar coa **solicitude (anexo I)** a seguinte documentación:
 - Certificación do órgano competente en que se acredite o desempeño actual do cargo por parte do asinante e se especifique o acordo polo que se lle concede a este autorización para formalizar a solicitude. Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos indicárase así na solicitude e cítase a disposición que recolle a competencia.
 - Ademais, se o/a solicitante non é unha confraría de pescadores, copia dos seus estatutos.
- ◆ **Anexo II:** orzamento do proxecto, detallando as accións propostas e o seu importe con e sen IVE, coa seguinte documentación:
 - Documentación xustificativa dos custos incluídos no anexo II (orzamentos, contratos, facturas *pro forma*, etc.).
 - Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías do artigo 118 para os contratos menores da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, acreditar a petición de tres (3) ofertas e a xustificación da seleccionada, no seu caso, segundo o artigo 7.7.

- ◆ **Modelo A:** memoria do proxecto formativo, que xustifique a necesidade da acción ou accións formativas solicitadas e que permita a valoración da viabilidade do proxecto. Cada acción formativa incluída no proxecto formativo entenderase como unha unidade susceptible de producir efectos independentes.
- ◆ **Modelo B:** documento de valoración do proxecto formativo, que recolla os criterios de selección horizontais e específicos do artigo 23. Indicarase razoadamente o cumprimento de cada un dos criterios; de non especificarse, entenderase que non se cumpren. Tamén están dispoñibles unhas Instrucións para a cumplimentación dos criterios de selección xerais do modelo B na web (<https://mar.xunta.gal/gl/formacion/formacion-portos/orde-cursos-de-formacion-PE-610A-convocatoria-2024-2025>).

No caso de solicitudes formuladas conxuntamente, ademais achegarase:

- Un **acordo de nomeamento do/da representante ou apoderado/a único/a** para os efectos da subvención, asinado polos/as representantes de todas as entidades solicitantes.
- A **distribución dos compromisos que corresponda executar a cada un dos/das solicitantes**, así como o importe da subvención solicitada para cada un/unha deles/as.
- **Anexo III:** declaración responsable das fontes de financiamento previstas para cada unha das accións (recursos propios, préstamos, outras axudas...) e de non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións.

Deberá incluírse a documentación dos tres puntos anteriores por cada unha das entidades membro da agrupación.

Outra documentación a presentar, só se son persoas físicas ou xurídicas, distintas das entidades de dereito público, con ánimo de lucro, no caso de subvencións de importe superior a 30.000 € e suxeitas á Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

Persoas físicas e xurídicas:

- Conta de perdas e ganancias abreviada, mediante certificación subscrita pola persoa con poder suficiente

Persoas xurídicas que non poden presentar conta de perdas e ganancias abreviada:

- Certificación emitida por un auditor rexistrado
- "Informe de procedementos acordados" emitido por un auditor rexistrado, se non poden emitir a certificación anterior

Quen pode presentar unha solicitude?

Poderán ser beneficiarias das subvencións:

- As confrarías de pescadores e as súas federacións
- As organizacións de produtores
- As cooperativas do mar
- As asociacións de profesionais de reparación de redes e as súas federacións
- As demais asociacións de profesionais xuridicamente recoñecidas e constituídas por profesionais do sector

Todas elas deben desenvolver as súas actividades profesionais no sector pesqueiro e deben ter a súa sede social na Comunidade Autónoma de Galicia.

Pódese subvencionar unha acción formativa xa iniciada?

Segundo o artigo 12.1.k) indícase que para ser subvencionable no se debe ter iniciada a actuación ou o investimento antes da data de presentación da solicitude.

Ata qué data se poden realizar as accións formativas?

As accións formativas deberán realizarse:

- Para a anualidade de 2024, poden realizarse accións formativas dende o día seguinte á publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de novembro de 2024.
- Para a anualidade de 2025, poden realizarse cursos dende o 1 de xaneiro ata o 15 de outubro de 2025.

As accións formativas teñen que estar finalizadas nesas datas.

Ata cando se pode realizar o pagamento dos cursos?

Todos os gastos deben ser efectivamente pagados antes da finalización do prazo de xustificación establecido para cada anualidade, é dicir:

- Para a anualidade do 2024, deben estar pagados antes do 30 de novembro de 2024.
- Para a anualidade do 2025, deben estar pagados antes do 15 de novembro de 2025.

Ata cando se pode realizar a xustificación da realización dos cursos?

Os gastos deberán xustificarse:

- Para a anualidade do 2024: Antes do 30 de novembro do 2024.
- Para a anualidade do 2025: Antes do 15 de novembro de 2025.

Pódese solicitar un anticipo?

Sí. Por resolución motivada do órgano concedente, e logo de solicitude da entidade beneficiaria, poderá autorizarse un anticipo de ata un 50 % da subvención prevista para a anualidade naqueles casos en que o investimento esixa pagamentos inmediatos.

Os pagamentos anticipados están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 32.

Pódense solicitar pagamentos parciais?

Sí, poderán presentarse xustificacións parciais a medida que se vaian executando as accións formativas sempre que importe conxunto dos pagamentos parciais e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen, non supere o 80 % do total da subvención concedida nin o da anualidade, e quedará condicionado á efectiva realización completa do proxecto formativo e á liquidación definitiva da subvención.

Os pagamentos parciais están suxeitos á prestación de garantía nos termos sinalados no artigo 32.

Cando teño que constituir unha garantía?

Será obrigatoria a prestación de garantías para a expedición de anticipos ou pagamentos parciais á conta, de acordo cos artigos 65 e seguintes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia nos seguintes casos:

- a) Anticipos que superen o importe de 18.000 euros.
- b) Pagamentos parciais que excedan os 18.000 euros.

Os importes anteriores enténdense referidos á cantidade acumulada dos pagamentos realizados, parcial e/ou anticipadamente.

A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria.

Pódese subcontratar as actuacións?

A persoa beneficiaria poderá subcontratar a actividade subvencionada ata o 100 %, sempre tendo en conta as limitacións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e no seu regulamento.

Para os custos de máis de 15.000 euros, é necesario solicitar 3 ofertas?

Sí. A entidade beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que o realice.

Cando a elección do provedor non recaia na proposta económica máis vantaxosa ou non exista no mercado suficiente número de entidades, a elección deberá xustificarse expresamente nunha memoria.

No caso se que unha entidade solicitante subcontrate a unha empresa a realización de varias accións formativas e cada acción sexa dun importe inferior a 15.000 €, pero o total de todas as accións sexa de máis de 15.000 €, debe aportar 3 ofertas de diferentes provedores.

Que son os custos indirectos?

O custos indirectos son aqueles que, aínda que non poden vincularse directamente coa actividade obxecto da subvención, resultan necesarios para a súa realización, como son os gastos de oficina, administrativos, servizos básicos, subministracións (auga, electricidade, teléfono, gas), etc.

Como se aplican os custos indirectos?

Aos importes subvencionables engadiráselle, en concepto de custos indirectos, o 7 % dos custos directos subvencionables.

O importe total da subvención será o resultado de sumar os custos directos subvencionables e os custos indirectos.

No anexo II "Orzamento do proxecto" é necesario desagregar a parte do orzamento que corresponde aos custos directos e a parte que corresponde aos custos indirectos.

Deben presentarse os orzamentos co IVE incluído?

Sí, os orzamentos presentaranse sempre co IVE incluído.

O IVE é subvencionable?

O imposto de valor engadido (IVE) non será subvencionable, agás:

- 1º. Para as operacións cuxo custo total sexa inferior a 5 millóns de euros (IVE incluído).
- 2º. Para as operacións cuxo custo total sexa de, polo menos, 5 millóns de euros (IVE incluído) cando este non sexa recuperable conforme a lexislación nacional sobre o IVE.

Que é o DECA?

No artigo 5.1 indícase que as entidades beneficiarias, ao formalizar a solicitude, sométense voluntariamente ao cumprimento dos requisitos e condicións establecidas nesta orde, no documento que establece as condicións da axuda (DECA) e na normativa que poida resultar de aplicación.

Unha vez que se concede a axuda, na resolución de concesión de axudas incorpórase o contido do DECA ao que se fai mención no artigo 73.3. do Regulamento (UE) nº 2021/1060 do Parlamento Europeo e do Consello, do 24 de xuño de 2021, garantindo, polo tanto, coa notificación da resolución a comunicación á persoa beneficiaria do contido no dito precepto.

O contido do documento DECA pódese visualizar no seguinte enlace, dentro do apartado "Circulares e instrucións":

<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/fempa/gestion/>

Que sucede no caso de me concedan a subvención, pero non poida realizar o proxecto?

CASO A: se renuncia a realizar o proxecto nos dez (10) días seguintes á notificación da resolución de concesión, debe presentar o Modelo de renuncia cuberto (anexo VI).

CASO B: se renuncia despois do prazo indicado no CASO A, debe notificarse ao órgano concedente, e presentar xustificación da mesma.

Que sucede no caso de me concedan a subvención, pero non poida realizar algunha acción formativa do proxecto?

CASO A: se non pode realizar algunha acción formativa e isto supón menos do 50 % do gasto total subvencionado.

Manterase a axuda, pero minorarase na fase de pagamento se o investimento material realizado é, por causa debidamente motivada, de contía inferior á que se considerou subvencionable, e na mesma proporción, e requirirá a aceptación expresa do órgano concedente.

Neste caso, na Solicitude de pagamento (anexo VI), débese indicar o importe concedido por cada acción formativa e polo total, e o importe finalmente xustificado por cada acción formativa e polo total. Tamén se presentará a xustificación debidamente motivada da causa pola que non se puido realizar a totalidade do proxecto e das razóns que aconsellan a modificación proposta.

Débase ter en conta que as modificacións, tanto no referente ao orzamento como ás distintas partidas que o compoñen, ou calquera outro asunto que afecte un aspecto substancial da resolución de concesión, deberán ser solicitadas pola persoa beneficiaria, por escrito, con anterioridade á súa realización, e requirirán resolución expresa da Consellería do Mar.

CASO B: se non pode realizar algunha acción formativa e isto supón máis do 50 % do gasto total subvencionado.

Non se poderá aprobar ningunha modificación que implique unha minoración de máis do 50 % da axuda concedida nin que supoña un reaxuste de anualidades.

A non execución de, polo menos, o 50 % do gasto total subvencionado poderá levar á perda do dereito á totalidade da axuda concedida que, en todo caso, deberá ser debidamente motivada.

Que debo facer en canto ás obrigas de publicidade?

É preciso dar cumprimento ao artigo 5.2 letras i), j) e k) da orde de axudas, onde di que as entidades beneficiarias deben:

i) Facer mención á orixe do financiamento, con expresa mención á porcentaxe de financiamento do FEMPA e da Comunidade Autónoma, e velar por darlle visibilidade, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público en xeral, de conformidade co artigo 60 do Regulamento (UE) nº 2021/1139.

j) Dar coñecer a axuda prestada polos fondos ao proxecto formativo, de conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento (UE) nº 2021/1060, para o cal:

1º. Se o/a beneficiario/a dispón de web ou contas en redes sociais, realizará unha breve descrición en relación co nivel de axuda, dos seus obxectivos e resultados, e destacarán a axuda financeira da UE.

2º. Nos documentos e materiais de comunicación destinados ao público ou aos participantes, incluírán unha declaración que destaque a axuda da UE de maneira visible.

3º. Deberán exhibir nun lugar ben visible para o público un cartel de tamaño mínimo A3 ou unha pantalla electrónica con información en que se destaque a axuda do FEMPA.

Cando se realicen actividades de visibilidade, transparencia e comunicación o emblema da Unión Europea empregárase de conformidade co anexo IX do Regulamento (UE) nº 2021/1061.

Cando os/as beneficiarios/as non empreguen o emblema da Unión Europea ou incumpran o establecido nesta letra, o organismo intermedio de xestión aplicará medidas, tendo en conta o principio de proporcionalidade, e suporá unha perda de ata un máximo do 3 % da axuda concedida.

k) En calquera actuación incluírán, así mesmo, o logotipo da Xunta de Galicia de conformidade co seu manual de identidade corporativa, que responde aos criterios fixados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Información adicional:

- Información FEMPA – Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación:
Fondo europeo Marítimo, de Pesca y de Acuicultura (FEMPA) (mapa.gob.es)
- Podense descargar os logotipos na páxina web do Ministerio:
<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/fempa/comunicacion/>
- As accións de comunicación, visibilidade e transparencia executaranse de conformidade con:
 - os artigos 46 a 50 do Regulamento (UE) 2021/1060 do Parlamento e do Consello, do 24 de xuño, polo que se establecen as Disposicións Comúns (RDC) e
 - o artigo 60 do Regulamento (UE) 2021/1139 do Parlamento Europeo e do Consello de 7 de xullo do 2021 polo que se establece o FEMPA (Reglamento FEMPA).

Como se valoran as solicitudes?

O procedemento para realizar a valoración das solicitudes recóllese nos artigos 21, 22 e 23 da orde, e conforme ao sinalado no documento "Criterios de selección para a concesión de axudas do Programa do FEMPA", para dita valoración utilizaranse catro categorías de criterios de selección: xerais; horizontais, ambientais e sociais; específicos de viabilidade técnica e/ou económicos e específicos por tipo de actividade.

Onde se pode atopar o documento "Criterios de selección para a concesión de axudas do Programa do FEMPA" ao que se fai referencia na orde?

Este documento pódese visualizar no seguinte enlace no apartado "**Criterios de selección**":

<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/fempa/gestion/>

Onde se pode atopar o documento "Programa do FEMPA para España" ao que se fai referencia na orde?

Este documento pódese visualizar no seguinte enlace, no apartado "**Programa FEMPA**":

<https://www.mapa.gob.es/es/pesca/temas/fondos-europeos/fempa/programacion/>